




TESE DE DOUTORAMENTO

OS EQUIPAMENTOS,
ELEMENTOS DE COHESIÓN TERRITORIAL
E URBANA
TOMO 1

CRISTINA GARCÍA FONTÁN

DIRECTOR DE TESE
XOSÉ LOIS MARTÍNEZ SUÁREZ



OS EQUIPAMENTOS, ELEMENTOS DE COHESIÓN TERRITORIAL E URBANA
CRISTINA GARCÍA FONTÁN
setembro 2012



 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo
Escola Técnica Superior de Arquitectura
Setembro 2012

TESE DE DOUTORAMENTO

OS EQUIPAMENTOS,
ELEMENTOS DE COHESIÓN TERRITORIAL
E URBANA

CRISTINA GARCÍA FONTÁN

DIRECTOR DE TESE
XOSÉ LOIS MARTÍNEZ SUÁREZ

Departamento de **P**royectos **A**rquitectónicos e **U**rbanismo
Escola **T**écnica **S**uperior de **A**rquitectura
Universidade **da** **C**oruña
Setembro 2012

1. Introducción

- 1.1 Presentación do tema
- 1.2 Interese persoal sobre o tema
- 1.3 Antecedentes
- 1.4 Obxectivos
- 1.5 Metodoloxía

2. As necesidades colectivas.

- 2.1 O equipamento
- 2.2 Momentos Teóricos
- 2.3 As funcións do equipamento
 - 2.3.1 Función social
 - 2.3.2 A singularidade, o símbolo, a monumentalidade
 - 2.3.3 Patrimonio Colectivo
 - 2.3.4 O valor Urbano
 - 2.3.5 A sostibilidade
 - 2.3.6 Capacidade de rexenerar e rexenerarse
 - 2.3.7 Relación coa paisaxe
 - 2.3.8 A rede
- 2.4 Colectivo versus productivo.

3. Marco legislativo e socioeconómico

- 3.1 Europa. A importancia do equilibrio territorial nas rexións urbanas periféricas.
- 3.2 España. Proceso de descentralización
- 3.3 Galicia. Transferencias ás comunidades autónomas.
- 3.4 A poboación

4. Na procura dunha cohesión social, urbana e territorial.

- 4.1 O modelo territorial en materia de equipamentos
 - 4.1.1 Os grandes equipamentos
 - 4.1.2 As relacións interterritoriais de dependencia dos distintos equipamentos
- 4.2 Equipamentos municipais de gran impacto territorial.
 - 4.2.1 O sistema Universitario Galego. O espazo para a tecnoloxía e o coñecemento.
 - 4.2.2 A rede hospitalaria Galega. Mellor atención sanitaria.
 - 4.2.3 Interaccións e complementariedades entre o sistema universitario e a rede hospitalaria.

5. Relacións de contorno

- 5.1 Preexistencias
- 5.2 Planeamento
- 5.3 Mobilidade
- 5.4 Sustentabilidade

TOMO 2

6. A Construcción da cartografía

| | |
|------------------------|-----------------|
| Cartografía A Coruña | escala 1:40.000 |
| Cartografía Ferrol | escala 1:40.000 |
| Cartografía Santiago | escala 1:40.000 |
| Cartografía Lugo | escala 1:40.000 |
| Cartografía Ourense | escala 1:40.000 |
| Cartografía Pontevedra | escala 1:40.000 |
| Cartografía Vigo | escala 1:40.000 |
| | |
| Cartografía A Coruña | escala 1:10.000 |
| Cartografía Ferrol | escala 1:10.000 |
| Cartografía Santiago | escala 1:10.000 |
| Cartografía Lugo | escala 1:10.000 |
| Cartografía Ourense | escala 1:10.000 |
| Cartografía Pontevedra | escala 1:10.000 |
| Cartografía Vigo | escala 1:10.000 |

7. Conclusións

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

- 1. Paper aceptado no Congreso ISOCAARP 2012
- 2. Resumen European 2011 - Eindhoven
- 3. Resumen presentación reunión CRUE
- 4. Poster Identidade e Paisaxe - Seminario Universidade de Louvain

INTRODUCCIÓN

1. **Introdución**

1.1. **Presentación do tema**

No contexto actual de crise económica e urbana, a reflexión sobre a inversión estratéxica nos equipamentos urbanos é cada vez máis necesaria. Despois de anos de importantes inversións públicas en infraestruturas e equipamentos, e a ausencia dunha planificación territorial cohesionada dos mesmos, propónse facer unha análise do estado da cuestión coa intención de aportar posibilidades para un mellor aproveitamento.

Os equipamentos e os servizos forman parte do sistema dotacional, integrado por todos os elementos que representan o espazo común onde a comunidade se reconece a si mesma, formando unha rede de lugares sobre os que se desenvolven as actividades simbólicas e lúdicas da colectividade. O conxunto destes espazos, libres ou construídos constitúen o soporte físico que definirá o sistema de calidade urbana.

Fourquet (Fourquet et al. 1978) subliña que o equipamento pode ser sucesiva ou simultaneamente, produtivo, mercantil e normalizador das condutas nun sentido amplo.

Aínda que é moi importante o papel social de todos e cada un dos equipamentos por pequenos que sexan, considérase que para o desenvolvemento deste traballo é necesario acotar o tema. Isto non foi unha cousa sinxela xa que era difícil decidir entre os equipamentos básicos da comunidade ou os máis significativos.

Como o cometido era comprobar si os equipamentos funcionan como elementos de cohesión territorial, parece máis lóxico establecer unha xerarquía e seleccionar dous servizos principais. Consideramos que os equipamentos que poden xogar un papel fundamental a escala territorial son os grandes equipamentos educativos e os sanitarios.

Tamén é importante que eses equipamentos formasen un sistema complexo a escala da comunidade autónoma. Nun primeiro momento pareceu razoable tomar o Sistema Universitario Galego (SUG) e a Rede Hospitalaria Galega (RHG).

1.2. **Interese persoal sobre o tema.**

Como antecedentes do tema cabe dicir, que levo investigando dende o ano 2000 no Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo, sobre o tema dos equipamentos. Comezando polo traballo de coordinación da Enquisa de Equipamentos e Infraestruturas Locais fase IV (EIEL) da provincia da Coruña dirixido por Carlos Nárdiz e seguindo con outros traballos en proxectos de investigación sobre Áreas Supramunicipais dirixida por Xosé Lois Martínez Suárez (Martínez Suárez et al. 2008).

Tamén cabe destacar as colaboracións para a elaboración do Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013 no que se redactou un apartado sobre as estratexias de planificación dos equipamentos (Meixide, NÁRDIZ ORTIZ 2007) e a colaboración na redacción da Guía para a sustentabilidade ambiental na UDC (Martínez Suárez, Soto Castiñeira 2011).

O feito de ter realizado os cursos de doutoramento e a obtención do DEA en Xeografía no programa Xeografía: Análise Territorial e Organización do Espazo en Galiza, inflúe tamén dunha maneira importante na forma de aproximarse ós estudos territoriais. Isto repercute de notablemente no interese pola relación entre as políticas a escala territorial e a súa materialización no territorio, na paisaxe, na cidade. Adquírese unha metodoloxía de análise territorial, que combina coas inquietudes máis propias da formación do arquitecto onde tódolos análises deben ter unha función propositiva.

Aproximándonos máis ó tema da tese, outra influencia que considero importante foi a realización do traballo de investigación sobre deseño urbano no meu segundo ano de estancia no Instituto Berlage de Rotterdam. Neste estudo¹ sobre Bruselas incidíuse no papel fundamental dos equipamentos para a creación da cidade capital, un papel estruturante en directa relación cos sistemas de mobilidade urbana. Pero tamén un papel simbólico con valores implícitos y que representasen a cidade europea por excelencia.(Aureli 2007)

1.3. Antecedentes

Como antecedentes relevantes tomaranse diversas publicacións onde se analiza o papel destes grandes equipamentos. A tese de Pablo Campos (Campos Calvo-Sotelo, España 2000) da un panorama do sistema universitario español nos anos 90 e a tese de Rubén Lois (Lois González 1990) aporta unha precisa visión da Universidade en Galicia a finais dos anos 80.

No relacionado cos hospitais tómase como antecedente de referencia para entender os procesos anteriores ós 90 a tese de Alberto Pieltáin onde fai unha profunda investigación sobre os hospitais na época franquista. Tamén relacionada co tema dos hospitais a tese de Mercedes Ínsua sobre os hospitais de pavillóns e máis concretamente sobre o hospital de Esteiro, onde nos 90 se situará o campus de Ferrol.

Considérase que, aínda que se farán referencias a outros momentos históricos, o momento importante no que se establece unha ruptura, un cambio á hora de planificar os equipamentos a escala territorial é cando se traspasan as competencias do estado á comunidade autónoma. Feito que produce un engrosamento importante da dimensión destes equipamentos e ademais permitiu, dentro duns certos límites, liberdade á hora de concibir un modelo territorial para Galiza.

Veremos cómo se plasmou, si funciona e se é mellorable.

1.4. Obxectivos

Ver se equipamentos públicos poden funcionar como un elemento de cohesión social², axudando a paliar as desigualdades territoriais existentes.

Como resultado da investigación de diversos autores podemos subliñar que o equipamento debería ter unha lóxica de localización que vai máis alá das propias esixencias destes servizos. Pero esa lóxica de localización non é totalmente autónoma, xa que depende tanto das características dos servizos a prestar coma dos propios procesos urbanos de atribución de espazos.

Outro dos obxectivos desta tese é mostrar o planeamento urbanístico que afectou a estes equipamentos para ver se os instrumentos actuais de planeamento de desenvolvemento son os adecuados para traballar nestes espazos en continua evolución.

Esta tese tomando os equipamentos como elementos de cohesión territorial pretende afondar no potencial destes “lugares” para xerar escenarios urbanos en espazos artificiais e públicos, que resulten especialmente propicios para as prácticas sociais e colectivas.

A relación deses elementos xeradores de identidade territorial, a súa posición na paisaxe, a sustentabilidade, a viabilidade e o encaixe urbano son tamén aspectos clave da investigación.

A capacidade de xerar nodos. Ver a realidade actual dunha maneira comparada e analizar os potenciais.

1.5. Metodoloxía

Dada a amplitude e complexidade do tema realizarase a aplicación do modelo sobre os grandes equipamentos de carácter supramunicipal: o sistema universitario galego e a rede hospitalaria. Considerando os grandes equipamentos a escala territorial ou supramunicipal como son a Universidade e os Hospitais como nodos que xeran unhas importantes tensións no territorio ademais de ser o que P. Hall identifica como fontes de innovación(Hall 1994) . Estes dous tipos de equipamento teñen a maior intensidade de uso, funcionan como puntos referenciais para unha importante porcentaxe da poboación, ademais de recibir a maior proporción dos orzamentos públicos.

A localización dos nodos onde prestan diversos servizos é un dos aspectos fundamentais da tese.

Analízanse os equipamentos públicos máis relevantes e establécense unhas liñas estratéxicas a seguir, que se plasmarán nun modelo. Para iso será importante probar a existencia de certos nodos a escala territorial e os lugares onde deben crearse outros que sirvan á poboación hoxe en día máis desfavorecida dende o punto de vista dos servizos.

Estudase o comportamento dos equipamentos nas tres escalas:

- Escala territorial
- Escala metropolitana
- Escala urbana

Isto realízase tomando como ferramenta fundamental a creación dunha cartografía

propia, o máis precisa posible. Onde a procura dun método de representación cartográfica se considera crucial para a investigación urbanística, e manifesta tamén a necesidade de crear ferramentas e bases cartográficas para poder investigar posteriormente outros fenómenos urbanos e territoriais.

A elaboración desa cartografía suporá unha síntese do territorio, tendo en conta que a cartografía, aínda que pretende representar unha realidade utilízase como obxecto de estudo en si mesma.

Afóndase na procura dun modelo distinto de planificación territorial do equipamento onde a accesibilidade³ ó equipamento debe ser o máis equitativa posible, sen distinción entre a poboación rural e a urbana. Isto era algo no que incidían diversos proxectos e teorías utópicas do século XX, que se toman como referencia teórica ó longo da tese.

Para a realización da tese utilízanse casos de estudo europeos en análise comparados cos do territorio galego para ver as estratexias das que se poden tomar exemplo.

Centros, redes, nodos.

“É necesario superar a visión tecnicista e, en consecuencia sectorial- relativa a cada rede- que moi a menudo específica totalmente a rede en función dos fenómenos físicos que ocorren nela. Tamén é necesario superar a noción xeográfica clásica do territorio no que se refire á súa descrición monográfica”⁴

Segundo Sloterdijk (Sloterdijk, Reguera 2006): no modernismo habitábase “esferas” (illas de seguridade aparente); no posmodernismo “espumas” (nodos en redes); na cultura de redes xa non habitamos os nodos, se non que viviremos nos espazos formados polas interaccións entre nodos que son a razón de ser das redes.

Bibliografía

- Aureli, P.V. 2007, Brussels, a manifesto: towards the capital of Europe, Nai Uitgevers Pub.
- Campos Calvo-Sotelo, P. & España 2000, “La universidad en España :historia, urbanismo y arquitectura” in Serie monografías / Ministerio de Fomento Ministerio de Fomento, Centro de Publicaciones, Madrid, pp. 1037.
- Fourquet, F., Murard, L., Szpunberg, A. & Romaguera y Ramió, J. 1978, Los equipamientos del poder :ciudades, territorios y equipamientos colectivos, Gustavo Gili, Barcelona etc.
- Hall, P. 1994, Las tecnopolis del mundo, Alianza Editorial.
- Lois González, R.C. 1990, Aproximación a una geografía de la juventud: estudio socioespacial de los centros de enseñanza medias y universitarias en Galicia entre 1960 y la actualidad., Universidad Santiago de Compostela.
- Martínez Suárez, X.L., García Fontán, C., Eirín Nemiña, J.A. & Pardo Barro, R. 2008, As áreas supramunicipais da provincia da Coruña: investigación urbanística, Deputación da Coruña, A Coruña.
- Martínez Suárez, X.L. & Soto Castiñeira, M. 2011, Guía para a sustentabilidade ambiental da UDC, Universidade da Coruña, A Coruña.
- Meixide, A. & NÁRDIZ ORTIZ, C. 2007, Plan Estratégico de la provincia de A Coruña 2007-2013, Deputación da Coruña, A Coruña.
- Sloterdijk, P. & Reguera, I. 2006, Esferas, Siruela, Madrid.

(Endnotes)

- 1 *Este estudio foi publicado no libro Brussels-A Manifesto. Towards the capital of Europe.*
- 2 *Entendendo por cohesión social o que ven expresado nos indicadores de cohesión social con respecto ós equipamentos onde basicamente se mide a accesibilidade ó equipamento e a variedade de equipamentos accesibles polo cidadán.*
- 3 *Non confundir accesibilidade con proximidade.*
- 4 *DUPUY, Gabriel, Systèmes, Réseaux et Territoires: Principes de Réseautique Territoriale, Presses de L'Ecole Nationale des Ponts et Chaussées, 168 págs. , Paris, 1985*

AS NECESIDADES COLECTIVAS



Fig. 1. Juego de Niños por Pieter Bruegel el viejo.

2. As necesidades colectivas

2.1. O equipamento

Equipamento¹: *Conxunto de todos os servizos necesarios en industrias, urbanizacións, exércitos, etc.*

Dotación²: *En urbanismo, solo dedicado a usos ou instalacións do conxunto dos cidadáns.*

Dado que cabe unha certa confusión con respecto ó que se entende por equipamento, úsase este termo, exclusivamente en relación con aquelas edificacións onde se prestan servizos que satisfarán as necesidades básicas da poboación no campo da saúde, a educación, o deporte, o cultural, etc.

A diferenza básica entre os servizos prestados nos equipamentos e outros que podan ser obxecto de prestación é que os primeiros son considerados como necesidades básicas que todo cidadán ten dereito a satisfacer. Os espazos destinados a estas actividades, caracterízanse pola súa estreita relación coa poboación servida e con unha boa accesibilidade dende a escala territorial do entorno servido.

O termo equipamento ven do francés *équipement*, onde ten un significado etimolóxico de *acompañamento ou de complemento*. Por equipamento etimoloxicamente entenderíase o espazo urbano que complementa as grandes funcións urbanas de residencia, transporte e actividade produtiva. O feito de que se defina desta maneira tan pouco precisa da unha idea da dispersión do que se quere definir.

Se aprofundamos no seu sentido etimolóxico, co que Fourquet (Fourquet et al. 1978), seguindo as formulacións de Foucault (Foucault 1984), denomina a xenealoxía do termo, a esixencia de empregar o termo equipamento xorde no momento no que se queren unificar os elementos que se conteñen nel, por un interese derivado da expansión e a crecente complexidade da política urbana. O interese por intervir de forma conxunta sobre ese espazo dos equipamentos, determina a esixencia de denominalo. O seu uso é predominantemente urbanístico e en España ten unha historia moi curta que se concreta na última metade do século XX.

Pero máis alá do seu contido etimolóxico, o concepto de equipamento expresa a dimensión espacial dos bens de consumo colectivo. O equipamento urbano é o espazo constituído de uso público, e o soporte dos servizos de consumo colectivo. Isto é importante telo en conta, xa que como tal, ten unha lóxica interna no seu funcionamento que non depende unicamente da caracterización dos servizos que contén. O equipamento tal como mostran as investigacións realizadas durante os últimos anos (Leal Maldonado, Cortés Alcalá 1995, Leal Maldonado 1988), tería unha lóxica de localización e os seus procesos que van máis alá das propias esixencias destes servizos.

Está claro que tampouco pode separarse o espazo da súa función concreta, xa que a lóxica de localización non é completamente autónoma. Un novo hospital ou unha




Figura 2 Cidade ideal Sforzinda. Filarete. Onde estuda principalmente a posición dos equipamentos na cidade.





Figura 4 Trattato d'Architettura. Filarete. Fragmento da páxina 86. Neste manuscrito trata temas de deseño e de planeamento urbano, neste caso



Figura 3 Hospital Maior de Milán proxectado por Filarete no 1456.

universidade localízanse segundo unha serie de criterios nos que hai que ter en conta tanto as características dos servizos que se asentan nos edificios como os propios proceso de atribución de espazos (Leal Maldonado, Cortés Alcalá 1995).

2.2 Momentos teóricos

Pero para entender mellor os significado destes elementos na conformación da cidade como tal, podemos voltar a mirada á época do renacemento, cando Alberti fai referencia ós equipamentos públicos no texto inaugural do xénero da tratadística, *de re aedificatoria* no 1452 dedica e o libro VIII- Publici Profani ornamentum a os edificios públicos profanos³. Un estudo que se apoia nas medidas dos monumentos antigos para propor os novos tipos de edificios modernos, entre os que figuran as prisións, os hospitais e outros lugares de utilidade pública. Non só se fai unha descrición dos elementos senón que tamén se fala das relacións entre eles e a relación do edificio co seu



Figura 5 O París de Haussman

entorno, a situación máis propicia as proporcións e o tamaño respecto á cidade.⁴


Un pouco despois no 1464 Antonio Arvelino (Filarete) no seu *“Trattato d’architettura”* debuxa e describe tamén os palacios, a aduana, a prisión, o hospital, etc. Precisamente Filarete fai este texto para describir a cidade ideal Sforzinda. Cidade que el comparaba co corpo humano ideal. Pero ademais deste tratado de urbanismo o autor é o arquitecto encargado da realización do Hospital Maior de Milán (1456)⁵. No tratado de arquitectura que propón apunta os aspectos fundamentais a ter en conta para cada tipo de equipamento, sen esquecer a súa relación coas instalacións urbanas, augas, pendentes, etc. Non fala de cada un dos edificios de forma illada, trátaos no seu contexto, facendo referencia á colocación preferente na cidade ideal en relación ó espazo público, a praza, o mercado.



Figura 6 e 7 Ile de France

Un século despois no 1795 xurde en Francia un novo concepto de cidadán e con el un cambio na concepción dos equipamentos civís. Créase en París a *“Comisión des Battiments Publics”* que ten como obxecto a reflexión sobre os tipos dos edificios que deben albergalos, a súa localización e a súa disposición ao servizo do cidadán na transformación da sociedade. Aquí comezan a clasificarse os equipamentos públicos en seis categorías e xestionados polo estado-nación: edificios dedicados **ó ensino, a sanidade, á asistencia social, ó aprovisionamento, á hixiene pública e á seguridade.**

Isto da lugar a unha nova xerarquización e orden urbano xerado pola ubicación destes equipamentos. Pero non é ata o 1860 onde a través do Plan de Haussman para París, onde se materializa unha reestruturación total da cidade dotándoa de equipamentos, de nodos de comunicación e de zonas verdes. Ademais renovouse a estrutura





urbana da cidade, rúas, avenidas, prazas, parques para proporcionar mellor accesibilidade e visibilidade ós equipamentos existentes como no caso da Ile de France. Fig6

Outro proxecto de reforma urbana⁶ directamente ligado á posición e relevancia do equipamento como motor de cambio para a cidade é o Ring de Viena onde a destrución da muralla deixou paso a un gran espazo onde situar os grandes equipamentos e espazos públicos da cidade, a Universidade a casa do concello, museos, teatro ópera o parlamento, etc.

Na “Teoría de construción de las ciudades”⁷ de Ildefonso Cerdá aparece unha xerarquización destes equipamentos a escala urbana, (parques, cemiterios, cuarteis), de sector (parques, hospitais, edificios administrativos), distrito (mercado), de barrio (igreja, escola, gardería...). Buscando a homoxeneidade e o acceso de tódolos cidadáns dos beneficios da urbanidade. Denomínoas edificios notables e serán os que terán o papel de crear a identidade do distrito ou barrio no que se insiran, e este adquirirá o seu nome, barrio do Hospital, barrio da Universidade, etc (Cerdà et al. 1968; 1867)

Tamén a finais do século XIX e a primeiros anos do século XX se plantexan novos modelos para a cidade contemporánea. O papel dos equipamentos públicos e dos espazos públicos a eles anexos se mantén como peza fundamental dos discursos.

A reflexión sobre a posición dos equipamentos na cidade está tamén presente no diagrama da cidade xardín teorizada por Howard⁸, na cidade industrial de Toni Garnier, nos textos de Raimond Unwin ou nos de Camilo Sitte, ata chegarmos ás aportacións da urbanística americana Neighborhood-unit de Clarence Perry para o plano rexional de Nova Iorque, onde o equipamento escolar e o centro cívico- social se convertían en peza central deste elemento intermedio entre a casa e a cidade, que era a unidade veciñal.



Figura 8 Ring de Viena, soporte dos grandes equipamentos, representatividade para unha cidade capital.




Figura 9 Cidade Xardín de Howard 1902. Todo pensado dende o equilibrio territorial ata a resolución dos equipamentos a escala de distrito.


Figura 10. Unidade veciñal de Clarence Perry 1920. Plan Rexional de Nova Iorque.



Unha achega en relación os equipamentos pero dende o campo da xeografía é a Teoría de Lugares Centrais de Walter Christaller⁹ (1933) . Esta teoría de sistemas intenta explicar, a partir de certos principios xerais a distribución e xerarquización dos espazos urbanos que prestan determinados servizos para a poboación dunha área circundante nun espazo isótropo. Establece o concepto de “lugares centrais” nos puntos onde se prestan determinados servizos á poboación. Esta teoría, aínda que moi criticada, serviu de base para moitos outros modelos teóricos de organización territorial e para distintos modelos de xeografía económica. (Hilberseimer 1949)¹⁰

Aínda que non son teorías específicas sobre os equipamentos é importante afondar tamén no proposto por varios teóricos sobre a cidade no século XX. En primeiro lugar cabe destacar o novo interese pola clasificación, a análise comparada que aparece de forma máis estendida no diagrama de Patrick Geddes.

O diagrama de Geddes divide as actividades en Lugar, Traballo e Xente (*Place, work, Folk*) e as combinacións entre eles dan o diagrama básico. Os seus diagramas foron complexizándose con factores como experiencia, sentimento sentido emoción, sinerxia, etc. Convertíronse en elementos tan complexos que foron considerados como máquinas de pensar xa que contiñan todos os elementos a ter en consideración para a planificación dunha cidade ou vila.



“Vouvos falar sobre un tipo de poética- a poética da clasificación... Montañas de papel impiden o traballo do urbanista. Elas son o seu enemigo número un....Eu tomei a determinación de encontrar algún método visual para eliminar as montañas de papel; que o ollo poida rexistrar extremadamente rápido xa que xa que ler todos eses documentos é un traballo tremendamente lento. O problema foi crear a ferramenta. Pero agora a ferramenta pode simplificar o traballo, non pode facer planos perfectos por si mesma. Pero serve para darse conta de certas cousas máis rápido ou con máis precisión, pero nunca será totalmente intelixente”. Descripción da CIAM grid, Bérghamo 1949. Le Corbusier.

Figura 11 Patrick Geddes.




Figura 12. Le Corbusier y ASCORAL CIAM GRID.



Figura 13 Urban re-identification gric realizada por Alison e Peter Smithson.




Figura 14 Esquema presentado por Aldo Van Eyck no CIAM de Otterlo.

Un novo esquema foi o proposto por Le Corbusier, para comparar trinta e tres cidades no cuarto CIAM de 1934. Neste esquema comparábanse as cidades en base a catro parámetros (habitar, traballar, cultivar o corpo e o espírito e circular) o froito deste análise comparado foi a Carta de Atenas. Segundo (Fourquet et al. 1978) a estas funcións son ás que ten que dar resposta o equipamento colectivo.

Estas táboas foron concibidas como método de análise pero acabaron sendo utilizadas como ferramentas de proxectación. Serviron para diferenciar máis as diferentes funcións en vez de integralas.

Estes cadros (grille ou grid) foron o principal punto de desencontro entre os membros do CIAM e a posterior formación do Team 10 xa que moitos vían necesaria a introdución doutros valores como o lugar, a rexión, o territorio.

O Team 10 tamén establece unha xerarquía socio espacial en relación ó ambiente urbano que vai dende a casa, a rúa, o distrito e a cidade, denominada “urban re-identification grid” realizada por Alison e Peter Smithson no 1953.

Pero nesta tese trátase de facer o contrario, xa que educar ou ir ó hospital, non significan totalmente funcións, facultades propias dun instrumento xeral separado, senón que son axiomas, solo comprensibles se se ven mutuamente determinados, uns con relación ós outros.




Figura 15 e 16 Universidade Libre de Berlin. Candilis Josic-Woods. 1963







Figura 17 e 18 Hospital de Venecia
Le Corbusier. 1964







Figura 19 e 20 University Node da
Plug-in City de Archigram 1965

A medida que avanza o estado de benestar en Europa aparecen tamén os grandes equipamentos como hospitais ou universidades. Estes megaprojectos son tamén abordados dunha forma especial nos anos 60 (Keneth Frampton en (Team 10 (Estudio de arquitectos) et al. 2005) realizándose exemplos de ámbolos dous tipos entre os que destacan dous *mat-buildings* a universidade de Free de Berlín proxectado por Candilis-Josic-Woods en 1963 e Hospital de Venecia de Le Corbusier e Julian de la Fuente en 1964. Identifícase similitude en canto á posición ó uso de grandes edificios horizontais en torno a patios que recordan en moitos casos os claustros conventuais.

Outro avance relevante dende o punto de vista teórico foi a achega que diversos utópicos fixeron ó tema da cidade e polo tanto ós equipamentos das cidades. Considérase a visión dos que teñen en común o manexo das distintas escala dende a territorial ata o deseño urbano.

Na *“Instant City”*, Archigram proxecta unha serie de infraestruturas itinerantes que levasen as posibilidades culturais das grandes cidades ás áreas periféricas. Pero é na





Figura 19 e 20 Yona Friedman
1960. *Ville Spatiale*

Plug in City de 1964 onde aparece unha megaestrutura capaz de albergar diferentes funcións sociais e habitacionais. Un dos nodos importantes é a universidade que se establece cuns sistemas de grúas e plantas libres nas que se van situando os diferentes usos.

Yona Friedman (Friedman 1973) trata de explicar o funcionamento dos “mecanismos urbanos” a través dos “mapas de esforzos”.(Friedman, Trobaugh & Roullier 2006). Friedman considera que a transitoriedade e a continua renovación das relacións persoais, sociais e económicas require de outro tipo diferente ás estruturas estables vixentes. Concibe estruturas portantes e estruturas tridimensionais contenedoras. A arquitectura como unha profesión que debe “democratizar”, devolverlle á xente o poder de decisión.

Cedric Price (Price 2003) aplica unha metodoloxía innovadora, prefiguración dunha arquitectura que imaxinou en movemento, evolutiva, capaz de incorporar a dimensión temporal.

No seu proxecto de Potteries Thinkbelt 1964 (Price, Herreros 2001) introduce os conceptos actividade, cambio e incertidumbre (reciclaxe, tecnoloxía, temporalidade,) como os fundamentais para abordar o proxecto. Isto será unha constante en toda a







Figura 21, 22, 23 e 24 The Potteries Think belt de Cedric Price.

Figura 25 Fun Palace Cedric Price




Figura 26, 27 e 28 *New Babylon* de Constant.

súa obra. A necesidade de crear novos lugares capaces de xerar espazos que se adapten ás necesidades cambiantes dos usuarios reflíctese no proxecto Fun Palace (Price, Herreros 2001) e os seus sistemas tecnolóxicos de montacargas e grúas móbiles. A obsolescencia programada das distintas partes do edificio forma parte do proxecto ó igual que tamén aparece na Plug In city de Archigram

Na *New Babylon* de Constant,, (Wigley 1998) pensa tamén nunha serie de edificios que se irán adaptando e modificando co tempo. Unha rede de grandes mallas, elevadas por encima do chan, deixando fóra os centros de produción e as instalacións que non teñen cabida dentro do espazo social dos sectores, os monumentos históricos, as zonas libres naturais e os parques. Parte do sector como unidade mínima e a través da construción de unhas estruturas elevadas constrúe unha paisaxe artificial por encima da paisaxe natural. Peter Sloterdijk (Sloterdijk, Reguera 2006) xustifica a súa vixencia: “*A súa forza consiste en que describe completamente o modo de ser da sociedade urbanizada dende o seu acefalismo e mobilidade. Por iso pode facer xustiza á constitución multifocal e ó temple poliatmosférico da cidade moderna mellor que calquera teoría habida ata o de agora.*”

Decídese parar nos anos 70 de buscar referentes teóricos xa que se considera que eses anos foron os últimos nos que houbo un debate serio e unhas propostas interesantes sobre o tema dos equipamentos.

A selección de exemplos podería ser moito maior pero en síntese estes foron son os que máis influíron á hora de seleccionar o tema de tese e os que estiveron presentes como referentes todo ó longo dela. Poderíase tamén afondar moito máis en cada un deles, pero a cantidade de publicacións existentes e accesibles de cada un faino innecesario.





Figura 20 A Torre de Babel de Brueghel. Representa o fracaso das grandes construcións, a falta de diálogo social e de coordinación na construción.

2.3 As funcións do equipamento

Tratando o tema dende outro ángulo máis relacionado coa propia función do equipamento na cidade Foucault en(Fourquet et al. 1978), sinala 3 funcións principais do equipamento colectivo: producir produción, producir demanda e normalizar (axustar a produción de produción á produción de demanda).

Ademais da función do equipamento é necesaria a clasificación en categorías do equipamento, algo que tamén se foi complexizando co tempo. Os equipamentos colectivos tamén serviron sempre para transmitir unha idea de estado, de poder.

Despois da segunda guerra mundial é cando aparece o concepto de equipamento colectivo, termo vinculado a unha serie de servizos considerados como unha totalidade. En realidade a unidade desta serie reside en que constitúe o obxecto dunha política coordinada de programación, de financiamento, de promoción. O dominio da construción e do financiamento por parte do Estado é o que fundamenta a coherencia da significación. Sen unha política estatal de equipamentos colectivos, non hai equipamentos colectivos; hai hospitais, escolas, museos, etc.

Dende os anos cincuenta aparecen diversos intentos de categorización segundo os servizos prestados comezando por unha clasificación: servizos de orden sanitario, servizos de orden económico e servizos de orden social.

Estes servizos aparecen ó mesmo tempo que as grandes cidades e están directamente vinculados á vivenda.

Fourquet(Fourquet et al. 1978) subliña que o equipamento pode ser sucesiva ou simultaneamente, produtivo, mercantil e normalizador das condutas nun sentido amplo.

Como reacción ó que leva ocorrido nos últimos tempos na construción dos edificios públicos e o significado que estes deberían ter dende diversos puntos de vista, establécense as seguintes funcións para que poidan ser e servir como equipamento público:

- **Función social**

Os equipamentos públicos son lugares de interacción e integración social. A calidade dos seus espazos inflúe na calidade da vida social en última instancia sobre os comportamentos colectivos e individuais. Os proxectos sociais de base democrática reflectíronse sobre a cidade mediante a creación de espazos colectivos. Os principios de igualdade e liberdade materializáronse mediante a creación de novos espazos libres (rúas, prazas, paseos, avenidas, parques e xardíns).(Hernández Aja 2000)

Tamén é importante dicir que son unha propiedade colectiva acumulada e recoñecida durante xeracións. A súa utilización por parte de tódolos cidadáns independentemente do seu nivel de renda, consolida o sentido de cidadanía.

- **A singularidade, o símbolo, a monumentalidade.**

Os equipamentos públicos teñen un valor simbólico: reúnen funcións de poder, institucionais, culturais, de servizos, de pertenza e son adoptados, coma propios polos habitantes no territorio no que se insiren.

A localización adecuada dos edificios públicos, o seu xeito de emprazarse, a súa relación cos outros edificios que os rodea e co espazo público que eles mesmos xeran e que o acompaña, son cuestións que determinan que os edificios públicos creen e estruturen a identidade do barrio, da cidade.

Unha parte da inversión pública en equipamento consiste na promoción de actuacións singulares, en xeral son grandes inversións de carácter extraordinario que concentran un volume importante de recursos nunha soa actuación. Un palacio de congresos, un campus universitario, un hospital, un museo son exemplos deste tipo de operacións. Este tipo de elementos son tamén, na maior parte dos casos impulsores de grandes operacións urbanísticas, sempre e cando se conciban como tales.

Outras veces a produción de equipamento singular débese a iniciativas sectoriais. Estas grandes actuacións acostuman constituír o modo estratéxico de políticas sectoriais de gran alcance e fórmulanse como operacións modélicas e de prestixio político. Se tomamos como exemplo a política sanitaria, a promoción dun gran hospital onde se concentran moitas especialidades ten por obxecto non só procurar un determinado nivel de asistencia sanitaria, senón ademais promover a investigación e a formación de medios médicos, o desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías. Pero tamén se trata de introducir innovacións tipolóxicas.

Por outra banda as innovacións tipolóxicas e as transformacións nos modos de produción e consumo dos servizos fai que sexa necesaria unha reconversión constante do patrimonio dotacional. Este patrimonio é importante conservalo en boas condicións e ir transformando e adaptando os usos ás necesidades cambiantes.

- **Patrimonio colectivo**

Os edificios públicos teñen un valor cultural que vai máis aló da súa dimensión funcional. Conforman a expresión da sociedade sendo o reflexo dos coñecementos, das crenzas, do arte, do dereito, das costumes e outros hábitos e capacidades adquiridos.¹¹



Figura 31. G. Sacconi Monumento Vittorio Enmanuelle, 1895. Símbolo e gran elemento de referencia urbano posicionándose nun lugar privilexiado destruíndo parte do tecido medieval.

Figura 32 Explanada dos Ministerios Brasilia.






Figura 33. L. Lisickij, *Seven Sisters en Moscú*. Posicionamento estratégico dos equipamentos na cidade, conectados coa liña de metro.

Cando falamos de patrimonio inmaterial debemos incluír tamén a memoria, a evolución da cidade debe dalgunha maneira formar parte do programa destes edificios, non se deben abordar como se se colocasen sobre unha *tabula rasa* non poden ser xenéricos, son dun lugar e para unha xente, teñen que ser específicos. Heidegger en (Heidegger, Gaos 1993) (Heidegger, Gabás & Adrián Escudero 2001) explica o que significa habitar. O coidado aplicado á acción de construír leva consigo un habitar no que o ser se desprega. Por iso implica ante todo unha consistencia temporal, unha prominencia da dimensión temporal sobre a espacial.

A construción pero tamén a preservación dos monumentos para incorporalos ó noso tempo, é un programa de traballo, unha forma de entender o significado mesmo da arquitectura.

O que Heidegger propón é que construír, habitar, sexa a construción dunha ponte entre o espazo e o tempo. Lugar, Memoria e Natureza (Heidegger, Gabás & Adrián Escudero 2001) son os termos que se confrontan con Espazo, Tempo e Técnica (Giedion, Sainz 2009) dunha forma articulada.¹²

Pero non podemos esquecernos tamén do seu valor material, xa que tamén a calidade arquitectónica e construtiva, ademais do posicionamento urbano, son moi relevantes para o valor do inmovible. Polo tanto a administración pública debe velar por

obter o mellor aproveitamento posible de cada unha das inversións que fai.

- **O valor urbano**

Hoxe en día a inmensa maioría dos edificios públicos sitúase en contextos urbanizados, sexan estes, cidades, barrios, vilas ou núcleos rurais, nos que están destinados a ter un papel singular.

Se o edificio público non ten vontade de formar “cidade”, de xerar espazo público, resulta introvertido e vólvese relativamente ineficaz no seu rol político e social.

A continuidade dos espazos exteriores e interiores nos equipamentos públicos a súa combinación, a relación dentro-fóra, traducen as relacións entre o edificio e o asentamento ou núcleo rural o barrio ou a cidade.

A relación dos distintos equipamentos entre eles debe estar tamén ben fundamentada e xerarquizada na cidade.

- **A Sostibilidade**

É un concepto directamente relacionado coa calidade de vida do cidadán, en base á integración dos cidadáns no seu entorno, a redución dos desprazamentos ou a participación en tarefas sociais. Segundo Hernández Aja (Hernández Aja et al. 2006) a revisión do modelo territorial de equipamentos terá que basearse na redución do consumo e na recuperación da autonomía do cidadán. Imprescindible tamén é adecuarse ás condicións ambientais do lugar, reducindo o consumo de enerxía e a produción de residuos.

Outro aspecto que non podemos esquecer é a sostibilidade económica do equipamento, os presupostos públicos convén controlalos ó máximo en aras de poder distribuír os recursos entre a maior parte de poboación posible.

A ubicación dos equipamentos públicos en áreas marxinais, nos peores terreos, nas zonas de maiores dificultades topográficas, en lugares distantes en terreos rústicos afastados dos núcleos, cando non “privatizados” de facto pola súa peculiar disposición no interior das novas urbanizacións, son oportunidades perdidas que non poden aceptarse por parte das administracións públicas implicadas no planeamento.

Os edificios públicos deben ser tamén o modelo á hora de introducir as enerxías renovables, estandartes do aforro enerxético, do uso optimizado dos materiais e do solo. Sen esquecer a relación coa natureza, o clima, a cultura, etc.

- **A accesibilidade**

A accesibilidade entendida a tódalas escalas territorial, urbana e local.

Un equipamento ten a función de servir a unha poboación que en moitos casos non reside nas proximidades polo que unha accesibilidade por transporte público adecuada a cada equipamento é imprescindible. Así como tamén o é promover a unha escala urbana unha correcta accesibilidade peonil e por bicicleta.

O equipamento debe ser un colector de forzas flexible, atravesable, non pode ser unha grande illa que haxa que rodear. Un exemplo próximo e moi claro neste aspecto



Figura 34. Proxecto do Mundaneum de Le Corbusier, proxecto auspiciado por Paul Otlet no 1910, un lugar para albergar todo o coñecemento do mundo e facelo accesible a todos.

pode ser a catedral de Santiago que se utiliza polos viandantes como unha parte máis da trama urbana, conecta e non separa as distintas prazas que a rodean.

A accesibilidade universal para persoas con diversidade funcional, sen entradas diferenciadas, sen percorridos segregados, debe ser unha máxima dos edificios públicos e do espazo público, para todos e en igualdade de condicións.

- Capacidade de rexenerar e rexenerarse

O equipamento público ten a capacidade tamén de inserir novas enerxías en áreas deprimidas ou degradadas. Unha boa planificación do equipamento pode conseguir que áreas industriais de grande dimensión que foron abandonadas poidan retomarse como áreas de ocio e de esparcemento da poboación¹³.

Ante a necesidade de revitalizar estruturas existentes, as operacións de rehabilitación urbanística ou arquitectónica veñen recurrido ós usos de consumo colectivo para dar un sentido funcional á inversión física.

Trátase en xeral de actuacións puntuais onde domina a singularidade (emprazamento, entorno, características estruturais dos edificios).

Na capacidade de rexenerar do equipamento xoga un papel importante a forma de proxectar cidade a través de Proxectos Urbanos. Esta plantexamento aparece nos anos 60 de man do Team X, e segundo Solà Morales (Solà-Morales Rubió 1987) para ser considerados como tales deben ter as seguintes características:

- 1- *Efectos territoriais máis alá da súa área de actuación;*
- 2- *Carácter complexo e interdependente do seu contido, superación da monofuncionalidade (parque, vía, tipoloxía, etc.), mezcla de usos, usuarios, ritmos temporais, e orientacións visuais;*
- 3- *Escala intermedia, susceptible de ser executada totalmente nun prazo máximo de poucos anos;*
- 4- *Carga voluntarista de facer arquitectura da cidade, independente da arquitectura dos edificios;*
- 5- *Compoñente público importante na inversión e dos usos colectivos do programa.*

Por outra banda as innovacións tipolóxicas e as transformacións nos modos de produción e consumo dos servizos fai que sexa necesaria unha reconversión constante do patrimonio dotacional. Este patrimonio é importante conservalo en boas condicións e ir transformando e adaptando os usos ás necesidades cambiantes. Hai múltiples exemplos destas transformacións nas cidades históricas, pero a especificidade tipolóxica e a mala construción de equipamentos máis recentes fai máis complicada esa rexeneración, creándose así baleiros urbanos ou edificios en ruínas. Por tanto é importante a programación do equipamento establecendo a súa vida útil e un bo plan director de mantemento para que o edificio se manteña nas mellores condicións e non

Figura 35. Centre Pompidou París





Figura 36 Emscher Park no Ruhrgebiet.

Peter Latz.

haxa que estar continuamente substituíndo edificacións.

Cando un edificio se pecha debe estar decidido o seu seguinte uso, non pode quedar nun limbo indefinido, xa que a ese patrimonio hai obrigación de sacarlle partido

Relación coa paisaxe

O feito de que se producira un movemento deslocalizador nos últimos 50 anos que expulsou dos centros das cidades os equipamentos de maior dimensión e os realocizou na periferia, fixo que estes edificios ou complexos edificatorios públicos teñan un papel dominante na paisaxe das periferias urbanas. As dimensións e o consumo de espazo destes edificios é cada vez maior e por tanto a súa escala en relación co entorno, na maioría dos casos periférico de vivendas unifamiliares ou núcleos rurais onde se inserta.

A súa situación, en moitos casos, en terreos en pendente e pouco accesibles fai que o impacto na paisaxe no só a produza o edificio senón tamén as infraestruturas que hai que realizar para chegar a el.

A tendencia debería ser tal e como apunta Jackson (Jackson 1984) “O deseño da paisaxe non é solamente unha cuestión de protección da natureza, senón tamén de crear unha nova natureza, unha nova beleza. É finalmente unha cuestión formal, de deseñar a paisaxe de maneira que inclúa os cambios do popular (iniciativas privadas) e do político (infraestruturas públicas) nun orde social estable”.

Sobre isto convén facer unha reflexión, xa que a tendencia actual en Galicia (aínda que non é algo exclusivo) de situar os equipamentos nos curutos dos montes e rodeados de eucaliptos, non parece a mellor das insercións paisaxísticas posibles. Entre os equipamentos que seguen ese patrón de localización está a dos hospitais, que en

Figura 37 Zollverein, Edificacións industriais nas que sitúan equipamentos e todo iso enmarcado nunha importantísima rexeneración paisaxística ó longo de 11km.







Figura 38 Arquipélago grego: a morfoloxía do arquipélago describe a principal que conformou as cidades gregas.

Figura 39 Roma, o poder estruturado de todo o imperio baixo o poder da capital, sempre como referencia, como centro.

Figura 40. Liga Hanseática creada para o control do comercio no mar báltico no século XIII. Control e planificación de infraestrutura marítima e terrestre.

Figura 41 Dupuy, G. O urbanismo das redes 1991. Os tres niveis de operadores de redes que (re)organizan o espazo urbano.



cidades como Pontevedra pasará de Monte Celo a Monte Carrasco, o Meixoeiro en Vigo, o Hospital de Lugo. Aínda que o máis destacado é o da cidade da Cultura que directamente acena o Monte Gaiás para “integrarse” coa paisaxe.

A rede

“O átomo é o pasado. O símbolo da ciencia para o novo século é a Rede dinámica. A Rede é o arquetipo disposto para representar todo circuíto, toda intelixencia, toda interdependencia, todo factor económico, social e ecolóxico, toda comunicación, toda democracia, todo grupo, todo gran sistema.” Kevin Kelly. Out of Control.(Kelly 1994)

Centros, redes, nodos.

Segundo Dupuy (Dupuy 1991)“É necesario superar a visión tecnicista e, en consecuencia sectorial- relativa a cada rede- que moi a miúdo especifica totalmente a rede en función dos fenómenos físicos que ocorren nela. Tamén é necesario superar a noción xeográfica clásica do territorio no que se refire á súa descrición monográfica”. Fig Dupuy

Segundo Sloterdijk(Sloterdijk, Reguera 2006): no modernismo habitábase “esferas” (illas de seguridade aparente); no postmodernismo “espumas” (nodos en redes); na cultura de redes xa non habitamos os nodos, se non que viviremos nos espazos formados polas interaccións entre nodos que son a razón de ser das redes.




Figura 42 The Naked City Guy Debord

Figura 43 Planificación dos equipamentos de Bruselas dentro do proxecto Brussels Capital of Europe. Berlage Institute

Figura 44 Proxecto do Parlamento Europeo, dentro do proxecto Brussels Capital of Europe. Berlage Institute.



2.4 Colectivo versus produtivo

A produción de equipamento segundo (Leal Maldonado 1988) supón en primeiro lugar a creación de capital social duradeiro, nese sentido o consumo de equipamento é simplemente uso do mesmo para a distribución dun servizo. As dotacións colectivas constitúen así, un stock fixo e durable que transforma ao territorio como un feito físico ademáis de inscribir e materializar no espazo uns usos concretos que xeneran actividades urbanas. Dese carácter de elemento fixo, duradeiro e colectivo derívase o que en termos urbanísticos se pode denominar como a capacidade estruturante do equipamento, a súa contribución á forma urbana.

Outro aspecto no que convén afondar é na visión que a sociedade ten dos equipamentos. Case sempre un equipamento colectivo é considerado como non produtivo en sentido estrito pero é importante distinguir entre o equipamento do servizo que brinda. Entre o equipamento e o servizo, media un proceso de produción polo que os traballadores poñen en funcionamento no só o equipamento senón que crean unhas importantes dinámicas económicas. Todo o que entra nese proceso de produción é consumido pero de forma produtiva.

Un exemplo pode ser o caso do hospital. O hospital é un medio de produción. Como tódolos elementos de atención pública, entra nun proceso de traballo colectivo que vai dende a construción do hospital, a súa posta en marcha, o seu mantemento, os medicamentos, as enfermeiras, os médicos, etc. O consumido é a asistencia que presta. Polo cal os servizos prestados, neste caso o sanitario, non deberían considerarse improditivos xa que son xeradores de dinámicas económicas moi importantes, aínda que o usuario non o pague cada vez que o usa directamente, pero si o fai de forma indirecta a través dos impostos.

Por aportar algún dato neste senso soamente no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña traballan 4.600 persoas e xestionouse un presuposto de 332 millóns de euros co que se realizaron entre outras cousas, 41.483 ingresos, 27.497 operacións quirúrxicas e houbo máis de 662.000 consultas externas. Os cartos invertidos non son consumidos polo usuario, senón que serven para alimentar a economía, neste caso rexional, nacional e internacional.

NOTAS

1 Segundo definición do Dicionario da Real Academia Española.

2 Segundo definición do Dicionario da Real Academia Española.

3 o libro VII –*Sacrorum Ornamentum* a os edificios públicos sagrados, templos, santuarios e basílicas

4 Outro libro importante foi o libro X- *Operitium instauratio*, onde por primeira vez se teoriza sobre a restauración de edificios.

5 Este tipo edificatorio é o que Egas adoptou, con algunhas variacións, para os hospitais encargados polos Reis Católicos realizados en diversas cidades españolas, coma o caso de Santiago, Granada ou Toledo.

6 Tamén definida por moitos autores como destrución creadora como é o caso de D.Harvey en *Consciousness and the Urban Experience*. Blackwell 1985

7 CERDA, I. 1967. *Teoría de la construcción de las ciudades*. Imprenta Española

8 HOWARD, E. 1902. *Garden cities of Tomorrow*

9 Esta teoría xeográfica deductiva susténtase na premisa de que a centralización é un principio natural de orde e que os asentamentos humanos o seguen. A teoría suxire que hay leis que determinan o número, o tamaño e a distribución das cidades.

10 Era un referente para Hilberseimer á hora de plantexar o *The new regional pattern*

11 Segundo a definición de Tylor.

12 Na conferencia “Construir – Habitar- Pensar” que Heidegger leu n *Darmstädter Gespräch* en 1951, ós arquitectos que tras o fin da guerra estaban destinados a reconstruír as cidades alemáns. Fronte ó utilitarismo e o tempo finalista moderno Martín Heidegger contrapón unha crítica radical: unha volta ás raíces, á orixe. Primei

ro é necesario interrogarse sobre o sentido das nosas acción. Non é tan importante qué ou canto construír como saber porqué construímos, cal é o significado orixinal desta acción.

O que lexítima e da consistencia ó pensamento de Heidegger é a volta cara atrás. So ó seu través podemos transformar un mero aloxarse nun auténtico habitar. O significado principal para Heidegger da palabra habitar é coidar.

13 O caso no que este feito se manifesta de forma máis paradigmática e no *Rubrgbiet* onde se rexeneran todos os edificios e terreos industriais obsoletos como centros culturais e zonas verdes a escala europea. Outro caso pode ser o caso de Bilbao coa implantación do Guggenheim e outra serie de equipamentos que rexeneraron a ría e a cidade no seu conxunto.

BIBLIOGRAFÍA

- Cerdà, I., Estapé, F., Barrera de Irimo, A. & Instituto de Estudios Fiscales 1968; 1867, *Teoría general de la urbanización y aplicación de sus principios y doctrinas a la reforma y ensanche de Barcelona*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid.
- Dupuy, G. 1991, *L'urbanisme des réseaux : théories et méthodes*, Colin, Paris.
- Foucault, M. 1984, “**Des Espace Autres**”, *French journal Architecture /Mouvement/ Continuité*, vol. October.
- Fourquet, F., Murard, L., Szpunberg, A. & Romaguera y Ramió, J. 1978, *Los equipamientos del poder :ciudades, territorios y equipamientos colectivos*, Gustavo Gili, Barcelona etc.
- Friedman, Y., Trobaugh, W. & Roullier, E. 2006, *Pro domo*, Actar.
- Friedman, Y. 1973, *Hacia una arquitectura científica*, Alianza, Madrid.
- Giedion, S. & Sainz, J. 2009, *Espacio, tiempo y arquitectura :origen y desarrollo de una nueva tradición*, Ed definitiva edn, Reverté, Barcelona.
- Heidegger, M., Gabás, R. & Adrián Escudero, J. 2001, *El concepto de tiempo*, 2ª edn, Trotta, Madrid.
- Heidegger, M. & Gaos, J. 1993, *El Ser y el tiempo*, Planeta-Agostini etc., Barcelona etc.
- Hernández Aja, A. 2000, “Barrios y equipamientos públicos, esencia del proyecto democrático de la ciudad”, *Documentación social*, vol. 119, pp. 79.
- Hernández Aja, A., Leiva Rodríguez, A., Universidad Politécnica de Madrid & Instituto Juan de Herrera 2006, *Parámetros dotacionales para la ciudad de los ciudadanos*, Instituto Juan de Herrera, Madrid.
- Hilberseimer, L. 1949, *The New Regional Pattern. Industries and Gardens. Workshops and Farms*, Paul Theobald, Chicago.
- Jackson, J.B. 1984, *Discovering the vernacular landscape*, Yale University Press, New Haven; London.
- Kelly, K. 1994, *Out of Control: The New Biology of Machines, Social Systems, and the Economic World* Addison-Wesley.
- Leal Maldonado, J. 1988, *Los espacios colectivos en la ciudad: planificación de usos y servicios públicos*. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo, Madrid.
- Leal Maldonado, J. & Cortés Alcalá, L. 1995, *La dimensión de la ciudad*, 1a edn, C.I.S., Madrid.
- Price, C. 2003, *Cedric Price :the square book*, Wiley-Academy, Chichester, Eng.
- Price, C. & Herreros, J. 2001, *Potteries Thinkbelt (Ptb), 1964-1966 :caducidad, educación y energía*, Ministerio de Fomento, Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo, Madrid.
- Sloterdijk, P. & Reguera, I. 2006, *Esferas*, Siruela, Madrid.
- Solà-Morales Rubió, M.d. 1987, “La segunda historia del proyecto urbano”, *UR.Urbanismo revista*, .
- Team 10 (Estudio de arquitectos), Risselada, M., van den Heuvel, D. & Nederlands Architectuurinstituut 2005, *Team 10 :1953-81, in search of a utopia of the present*, NAI, Rotterdam.
- Wigley, M. 1998, *Constant's New Babylon: the hyper-architecture of desire*, 010 Publishers.

MARCO LEGISLATIVO
E SOCIOECONÓMICO

3. Marco lexislativo e socioeconómico

Iniciamos un percorrido pola lexislación europea, española e galega incidindo nos documentos ou leis que teñen relación cos equipamentos ou cos que intentan definir a cohesión territorial e urbana. Esta traxectoria iniciouse na procura dunha base sólida na que apoiarse e co obxectivo de ver as coherencias e incoherencias da lexislación en materia de equipamentos e a relación directa que as diferentes políticas tiveron en cada momento.

3.1 Europa. A importancia do equilibrio territorial nas rexións urbanas periféricas.

Cohesión: Unión ou harmonía interna entre as partes que forman un todo
Cohesión social, económica e territorial

Así como a palabra cohesión ten un significado común nas distintas linguas europeas, a palabra territorio ten un significado máis difuso á hora de entendela nas diferentes linguas.

Estando presentes xa en diferentes tratados da Unión os termos de cohesión económica e social aparece na Constitución da Unión Europea de 2004, no artigo 3 unha referencia explícita á cohesión territorial como obxectivo da Unión.

No artigo 2 do Tratado de Lisboa (Estados membros de la Unión Europea 2007) establécese a cohesión territorial como un obxectivo explícito para a futura política de cohesión. A crise actual, coas súas repercusións territoriais asimétricas, incrementaron a importancia da cohesión territorial dentro da UE e o debate sobre este concepto tomou un novo impulso.

En outubro de 2008 a Comisión Europea adoptou un Libro Verde sobre a Cohesión territorial (Comisión Europea 2008), o que iniciou un amplo debate público sobre a cohesión territorial e as súas repercusións.

Segundo expón o libro verde da cohesión territorial (Comisión Europea 2008) en Europa a definición do termo *cohesión territorial* é algo aberto. Máis que propor unha definición o que busca é unha delimitación do concepto. Como reacción o Parlamento Europeo manifestou a súa preocupación, xa que sen unha definición común, acordada, comprendida e compartida por todos, sería difícil debater as repercusións políticas. O debate formulado polo Libro Verde deu lugar a un acordo básico sobre os elementos principais e os obxectivos da cohesión territorial.

O significado do termo «territorio»

Italiano

Territorio – Superficie administrada con liñas divisorias

Alemán

Gebiet – Espazo

Territorium – Superficie e as persoas que viven nela

Finés

Alue – Zona

Francés

Territoire – Superficie e as persoas que viven nela

Inglés

Territory – Superficie poseída, que é propiedade dalguén

Terrain – Parte dunha superficie con especial atención ás súas características físicas

Grego

Εδαφος – Tierra, superficie de terreo, zona

Galego

Extensión de terra que constitúe un país, natural ou politicamente

Castelán

Porción da superficie terrestre pertencente a unha nación, rexión, provincia, etc.




Figura 1 Produto Interior bruto no ano 1995. ETE




Figura 2 Produto Interior bruto no ano 2008. EUROSTAT

A finalidade da cohesión territorial é promover un desenvolvemento harmonioso e sustentable de tódolos territorios a partir das súas propias características e recursos territoriais.

Moitas das respostas a esta discusión fixeron fincapé en que a cohesión territorial complementa e reforza a cohesión económica e social e destacar que estes tres elementos básicos xa se encontran implicitamente na política de cohesión. Pero a maioría tamén entende que se trata dun concepto horizontal máis amplo, no que se fundamentan todas as políticas a nivel administrativo.

Pero para mellorar a comprensión da cohesión territorial, moitos expertos consideran que se requiren mellores ferramentas para dispoñer de análises e indicadores en materia territorial. Mellorar o análise a nivel de NUTS3, e perfeccionar os instrumentos de avaliación de impacto territorial que poden contribuír a un deseño de políticas máis adecuado.

Polo tanto considérase que o termo está tamén totalmente ligado á Estratexia Territorial Europea¹ (ETE)(Comisión Europea 1999) aprobada en Postdam en 1999. Coa adopción da ETE, os estados membros e a Comisión acordaron un modelo e uns obxectivos territoriais comúns para o desenvolvemento futuro do territorio de UE. A ETE constitúe tamén un marco de orientación para o resto de políticas con repercusións territoriais.

A ETE definía 3 obxectivos básicos:

Obxectivo 1. Desenvolvemento dun sistema urbano policéntrico e máis equilibrado, xunto co reforzo da colaboración entre os espazos urbano e rural.

Obxectivo 2. Acceso equivalente ás infraestruturas e ó coñecemento, mediante estratexias integradas de transporte e comunicación.

Obxectivo 3. Xestión prudente da natureza e o patrimonio cultural. Este aspecto contribúe tamén á conservación e perfeccionamento da identidade rexional e ó mantemento da diversidade natural e cultural das rexións e cidades da UE.

O problema do desenvolvemento da ETE é que non ten competencia de ningún organismo especializado, senón que é responsabilidade dun gran número de autoridades encargadas do desenvolvemento territorial (ordenación do territorio, planificación rexional, planificación urbana) e das planificacións específicas de cada unha.

O concepto de desenvolvemento territorial adquire unha maior importancia coa posta en marcha no 2000 da Estratexia de Lisboa cuxo obxectivo é conseguir que a UE se converta *“na economía do coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, antes de 2010, capaz dun crecemento económico duradeiro acompañada dunha mellora cualitativa do emprego e unha maior cohesión social”*.

En maio de 2007 producírase outro fito fundamental para a cohesión territorial. Na reunión de Ministros responsables de Desenvolvemento Urbano e Cohesión Territorial celebrada en Leipzig, adóptase a denominada *“Axenda Territorial da Unión*




Figura 3 Variación da poboación EUROSTAT




Figura 4 Grado de Urbanización europea EUROSTAT

Europea” que ten como subtítulo “ Cara unha Europa máis competitiva e sostible de rexións diversas”². Esta Axenda Territorial resalta a importancia do reforzo da cohesión territorial como proceso permanente e cooperativo, involucrando a tódolos axentes implicados a nivel político, administrativo e técnico.

O territorio europeo ten o seu propio patrón de asentamento demográfico en comparación co resto do mundo. Só un 7% da poboación da UE vive en cidades de máis de cinco millóns de habitantes, fronte ó 25% nos Estados Unidos. Polo de agora, Europa trata de manter un equilibrio relativo entre a urbanización e a conservación das zonas rurais. FIG Urbanización mundo proporción en cidades

Isto contribúe ó estilo de vida europeo do que fala o Libro Verde da Cohesión Territorial , que suxire medios para evitar a despoboamento ou a expansión urbana sen control.

Hai tres conceptos clave que deben traducirse en accións políticas:

Concentración. Compensar as diferenzas en materia de densidade. Considérase fundamental mellorar a coordinación entre as cidades e as súas rexións periféricas.

Conectar territorios. Superar as distancias. O acceso ós servizos públicos, a medios de transporte eficaces, redes enerxéticas fiables e a conexións te internet de banda ancha. *Por termo medio, nas zonas rurais apartadas un 40% das persoas viven a máis de 30 minutos por estrada dun hospital e un 43% vive a máis dunha hora por estrada dunha universidade.*

Cooperación. Superar as fronteiras administrativas.

Baseándose no Quinto Informe sobre a Cohesión económica, social e territorial da Comisión Europea , a Estratexia Europa 2020 ten como prioridades un crecemento intelixente, sostible e integrador e unha gobernanza económica. Propón 5 obxectivos comúns para 2020, que se van medir en base ós seguintes indicadores:

Emprego

Emprego para o 75% das persoas de 20 a 64 anos

I+D

Inversión do 3% do PIB da UE en I+D

Cambio climático e enerxía

Emisións de gases de efecto invernadoiro un 20% (ou un 30%se se dan as condicións) inferiores ós niveis de 1990.

20% de enerxías renovables

Aumento do 20% da eficiencia enerxética

Educación


Taxa de abandono escolar por debaixo do 10%

Un 40% das persoas de 30 a 34 anos de idade deberán completar estudos de nivel terciario, como mínimo

Loita contra a pobreza e a exclusión social.

Reducir ó menos en 20 millóns de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social.


Map 7. Baseline scenario: Demographic perspectives. Median age (years)




Figuraa 5 Proxección da evolución da idade media en Europa . ESPON

Figuraa 6. Porcentaxe de poboación entre 20 e 24 anos que estudia na educación superior: EUROSTAT 2009

Figuraa 7 Ratio de dependencia da terceira idade. EUTOSTAT 2009



(1) Data covers enrollments at regional level in school year 2006/07; Belgium, Greece and United Kingdom, 2006; Switzerland, national level; Germany and United Kingdom, by NUTS 1 regions.



(1) Belgium and United Kingdom, 1 January 2008. Source: Eurostat (online data code: demo_r_djars).

Capital territorial dunha rexión é diferente do doutras áreas e depende de moitos factores... (que)... poden incluír... localización xeográfica, tamaño, dotación de factores produtivos, clima, tradicións, recursos naturais, calidade de vida ou economías de aglomeración das súas cidades... Outros factores poden ser denominados como interdependencias difíciles de rastrexar (untracked interdependencies) tales como interpretacións, costumes e regras informais que permiten aos actores económicos a traballar xuntos en condicións de incerteza, ou a solidariedade, asistencia mutua e co-elección de ideas as cales se desenvolven a miúdo en pequenas e medianas empresas que traballan no mesmo sector (capital social). Por último, existe un factor intanxible, «algo no aire», denominado «ámbito» e representa o resultado dunha combinación de institucións, regras, prácticas, produtores, investigadores e políticos que fan posibles unha determinada creatividade e innovación. O «capital territorial» xera rendementos superiores de determinados tipos de investimento en comparación con outros xa que se adaptan mellor ao territorio e uso dos seus activos e son potencialmente máis eficientes. OECD Territorial Outlook 2001

Para relacionar estes obxectivos xenerais coa planificación territorial de cada rexión, o 19 de maio de 2011 preséntase na Reunión dos Ministros responsables de planeamento e ordenación territorial en Hungría a nova Axenda Territorial de Unión Europea 2020 (AT2020)³. A AT2020 volve facer fincapé na cohesión territorial revisando os obxectivos da Axenda Territorial de 2007. Esta nova axenda define tamén a cohesión territorial dende múltiples ángulos.

O cometido da AT2020 é ofrecer orientacións estratéxicas para o desenvolvemento territorial, fomentando a integración da dimensión territorial dentro das diversas políticas en todos os niveis de gobernanza, e garantir a aplicación da Estratexia Europa 2020 de acordo cos principios de cohesión territorial.

Tendo en conta o Tratado de funcionamento da Unión Europea (art. 174 e 175) todas as políticas e accións da Unión deben contribuír á cohesión económica, social e territorial.

O desenvolvemento territorial integrado a través da coordinación das distintas políticas sectoriais é clave para levar a bo fin os obxectivos da axenda.

A AT2020 propón os seguintes retos e potenciais para o desenvolvemento territorial:

- Máis exposición á globalización: Os cambios estruturais despois da crise económica global.

As zonas metropolitanas e outras zonas urbanas, igual que os accesos internacionais e globais, son un activo para o desenvolvemento de todo o territorio europeo, sempre que outras rexións se beneficien do seu dinamismo e estean conectadas a través de redes. O patrimonio local e as características territoriais teñen unha importancia cada vez maior para que as rexións poidan soportar as perturbacións externas e recuperarse delas.

- Os retos da integración da UE e a crecente interdependencia das rexións.

Aínda é unha realidade o problema da división entre a periferia e o centro, mesmo a escala nacional. É crucial a cohesión nas fronteiras exteriores, porque as disparidades e diferenzas nos sistemas xurídicos, sociais e políticos teñen consecuencias importantes, especialmente en termos de migración e comercio. A crecente interdependencia das rexións xera unha demanda de mellor conectividade a nivel global, europeo e nacional. As barreiras á integración no ámbito local e rexional poden traducirse na infrautilización dos recursos humanos, culturais, económicos e ecolóxicos das rexións fronteirizas, ademais de agravar a súa posición periférica e a exclusión social.

- Distintos retos demográficos y sociais de los territorios, segregación de grupos vulnerables

| EUROPA 2020 | Exemplos dos principais indicadores que deben ser agregados no nivel da UE | Exemplos de outros indicadores |
|--|---|---|
| <i>Accesibilidade</i> | Accesibilidade multimodal potencial a Europa Accesibilidade multimodal potencial ao espazo global (baseado na accesibilidade ao principal porto marítimo e aeroportos) | Accesibilidade diaria entre cidades principais Tempo e/ou accesibilidade potencial ás principais cidades e centros de actividade do país Tempo de accesibilidade en transporte público ás capitais rexionais (incluíndo transporte interurbano) Accesibilidade multimodal potencial a Europa Poboación dentro da isócrona de 90 minutos arredor das principais cidades, usando transporte por estrada e ferroviario División modal (porcentaxe de modos amables sostibles) E-accesibilidade (poboación servida por redes de banda ancha) Redes de transmisión macro-rexional (densidade) Indicadores de accesibilidade aos servizos de interese económico xeral relacionado abaixo. |
| <i>Servizo de interese económico xeral</i> | Porcentaxe de poboación exterior á isócrona de 60 minutos desde os servizos básicos de interese económica xeral (educación universitaria, secundaria, hospitais) | Tempo de accesibilidade ás universidades Tempo de accesibilidade aos hospitais Distribución da educación, saúde e outras institucións de servizos de interese económica xeral |
| <i>Capacidades territoriais/ dotacións/ bens</i> | Participación de produción de enerxía renovable local | Mercados de consumo responsable (eco-veciñanzas, produtos locais) Produción de enerxía renovable Diversificación de economías rurais Sociedade civil (participación activa de poboación en ONGs, participación electoral) Capital social (índice composto) Logros educativos rexionalizados Rutas/redes culturais Participación local de emprego verde |
| <i>Creación de redes de cidades</i> | Accesibilidade diaria entre as principais cidades europeas (aérea e alta velocidade ferroviaria) Conexión social entre as principais cidades europeas (migración, desprazamentos, turismo) Conexións económicas (comercio, conexións organizativas e investigación e desenvolvemento) | Rexións metropolitanas e as súas funcións (cambios no tempo) Economías de aglomeración Accesibilidade diaria entre as principais cidades (escala europea e nacional) Fluxos de investigación e desenvolvemento transnacionais Fluxos nacionais de investigación e desenvolvemento Migración entre centros principais Intensidade de programas de intercambio internacionais Mercados laborais transfronteirizas Tendencias do comercio internacional e apertura da economía local Cooperación administrativa das cidades europeas |
| <i>Rexións funcionais</i> | Poboación fóra da isócrona de 60 minutos (en transporte público) da capital rexional (mercado laboral) coma participación da poboación total División modal de desprazamentos diarios | Economías de aglomeración Accesibilidade temporal ás capitais rexionais por transporte público Dinámicas de SMESTO en áreas de densidade de poboación baixa (cambios poboacionais) Control da dispersión urbana en áreas ao longo dos eixos de comunicación (parte da poboación con accesibilidade peonil a transporte público, cambios no uso do solo) Fusión transfronteiriza na educación secundaria; fusión universitaria, Mercados laborais funcionais nas cidades (desprazamentos) Integración do mercado laboral rural e urbano (desprazamentos, migración) Cidades sen conxestión Mercados laborais transfronteirizos |

Figura 8 Cadro de novos indicadores propostos pola AT2020

| AT 2020 EUROPA 2020 | <i>Crecedemento intelixente:</i> - 3% PIB en I+D | <i>Crecedemento sostible:</i> - 20/20/20 <i>obxectivos clima/ enerxía</i> | <i>Crecedemento total:</i> - 75% de poboación empregada con idades entre 20-64 anos - Porcentaxe de abandono escolar < 10%; > 40% de xoves con estudos universitarios - Risco de pobreza |
|---|---|--|---|
| 1. <i>Desenvolvemento territorial equilibrado e policéntrico</i> | + | Non correspondencia directa entre os obxectivos estratéxicos de Europa 2020 e as prioridades TA 2020 | + |
| 2. <i>Desenvolvemento integrado en cidades, no rural e nas rexións</i> | + | + | + |
| 3. <i>Integración territorial trasfronteiriza, rexións funcionais transnacionais</i> | + | Non correspondencia directa entre os obxectivos estratéxicos de Europa 2020 e as prioridades TA 2020 | Non correspondencia directa entre os obxectivos estratéxicos de Europa 2020 e as prioridades AT 2020 |
| 4. <i>Competitividade global das rexións baseadas en economías locais fortes</i> | + | + | + |
| 5. <i>Mellora da conectividade territorial para os individuos, comunidades e empresas</i> | + | + | + |
| 6. <i>Xestión e conexión ecolóxica, paisaxe e valores culturais das rexións</i> | + | Non correspondencia directa entre os obxectivos estratéxicos de Europa 2020 e as prioridades TA 2020 | Non correspondencia directa entre os obxectivos estratéxicos de Europa 2020 e as prioridades AT 2020 |

Figura 9 Cruce de afinidades entre a ET2020 e a AT2020

Europa afronta uns retos demográficos cada vez maiores e distintos segundo os territorios. O envellecemento e o despoboamento provocarán cambios en moitas rexións, incluídas as rurais e as periféricas, e terá graves consecuencias para a cohesión social e territorial, a prestación de servizos públicos, o mercado laboral e a vivenda.

- Cambio climático e riscos medioambientais: consecuencias distintas en cada zona

As rexións teñen oportunidades diferentes á hora de incorporar a adaptación e a mitigación ás súas estratexias, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro e axustando os seus sistemas socioeconómicos a unha economía con baixas emisións de carbono. O cambio climático tamén pode ofrecer novas oportunidades de desenvolvemento, por exemplo, en agricultura, economía verde e produción de enerxías renovables. Os retos do cambio climático guían a atención cara á coordinación territorial das políticas, especialmente as de clima, enerxía, xestión da auga, agricultura, vivenda, turismo e transporte.

- Os retos enerxéticos cobran importancia e ameazan a competitividade rexional

Algunhas rexións europeas teñen ante si o reto da seguridade da subministración de enerxía, xa que dependen moito das importacións de combustibles fósiles ou están especializadas en actividades cun elevado consumo de enerxía. As cuantiosas importacións procedentes de terceiros países vulnerables á inestabilidade económica ou po-





Figura 10 Inversión pública e privada en I+D en relación co PIB. ESPON 2007 e 2008

% of regional GDP



NOTES:
ES, PL, PT, BE, FR, FI, IE, IS, EE, LV, LT, MT, CY, RO, HR, SI, CH, TR, NO and BG are shown for 2008.
Data for GR are shown for 2005.
IT, DE, AT, NL, DK, MK and SE are shown for 2007.
TR, CH and NO are shown at country level.




Figura 11 Porcentaxe de patentes por millón de habitantes no ano 2006. EUROSTAT




Figura 12. Tipos estruturais de zonas rurais e urbanas a nivel de NUTS3. ESPON 2010

lítica agravan os problemas da seguridade enerxética. O aumento das emisións e do prezo da enerxía recorda a necesidade dunhas solucións enerxéticas sostibles, como aproveitar o potencial dos recursos de enerxía renovable ou volveuse cara a actividades económicas máis ecolóxicas que produzan menos carbono.

- Perda de biodiversidade e patrimonio natural, paisaxístico e cultural vulnerable

O patrimonio natural e cultural é parte do capital e da identidade territorial. Os valores ecolóxicos, a calidade ambiental e os activos culturais son esenciais para o benestar e para as perspectivas económicas, ademais de ofrecer oportunidades únicas de desenvolvemento.

Nos ámbitos históricos e culturais, así como en zonas para novas promocións ou construcións, a atención que se preste á esencia do lugar pode aumentar a coherencia e a calidade do ámbito construído.

A AT2020, en correspondencia a estes retos establece seis prioridades territoriais:

Promover un desenvolvemento territorial policéntrico e equilibrado

Fomentar un desenvolvemento integrado nas cidades, as rexións rurais e rexións específicas

. Integración territorial nas rexións funcionais

Garantir a competitividade global das rexións sobre a base dunhas economías locais sólidas

Mellorar a conectividade territorial de particulares, comunidades e empresas

Xestionar e conectar os valores ecolóxicos, paisaxísticos e culturais das rexións

E como colofón para facer realidade a cohesión territorial na UE é necesario establecer a gobernanza e os mecanismos de aplicación. Estes mecanismos baséanse sobre todo na coordinación territorial das políticas. Pode apoiarse a interacción eficiente das políticas sectoriais coordinándoas en cada ámbito territorial. A coordinación territorial debe avalarse con instrumentos como a avaliación dos impactos territoriais, mecanismos de planificación coordinada e unha supervisión que valore os aspectos territoriais. Insistimos en que as políticas da UE poden contribuír á aplicación das prioridades territoriais da UE en distintas medidas e de distintas formas, como demostran os exemplos do informe actualizado Perspectivas Territoriais da Unión Europea.⁴

Para ver a influencia que todas estas propostas tiveron realmente na planificación dos equipamentos públicos en Galicia é necesario facer un recorrido multiescalar no proceso de ordenación e goberno do país.




Figura 13. Reparto de competencias do Sistema Nacional de Saúde Español.




Figura 14. España (1970-2011). Ingreso e gasto público en porcentaxe do PIB.

3.2 España. Proceso de descentralización

A Constitución democrática de 1978 establecía un estado descentralizado en España. Dende ese ano as Comunidades Autónomas (o nivel intermedio de goberno) incrementaron o seu papel e actualmente representan entre un 25% e un 30% do gasto público total. Polo tanto, financiar o goberno autónomo converteuse nunha cuestión crucial con consecuencias financeiras e políticas importantes. O sistema actual está baseado na súa maioría en bolsas de goberno esencial, mentres os ingresos fiscais e garantía fiscal son débiles. O sistema de financiamento ten un importante, aínda que complementario, papel ao garantir cohesión dentro dun estado descentralizado.

Por un lado, pode lograr un certo nivel de igualdade ao proporcionar servizos públicos por todas as partes o territorio. Por outra parte, pode permitir a todas as rexións obter un nivel apropiado de autogoberno. Non obstante, é importante recalcar que cohesión territorial esixe como unha precondition, un consenso político e a aceptación dun proxecto común entre as rexións diferentes.

En 1980 tras a aprobación dos Estatutos de Autonomía do País Vasco e Cataluña, iníciase o proceso de transferencia ás Comunidades autónomas das competencias exclusivas en materia de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Vivenda. En paralelo a este proceso prodúcese unha unificación dos Organismos Autónomos da Administración central encargados da implementación da política de vivenda pública. No 1985 desaparece o Instituto de Promoción Pública de Vivenda.

O fraccionamento da estrutura administrativa provoca a descoordinación das intervencións, xurdindo dous tipos de problemas segundo (Segura Sanz 1988): Os derivados da complementariedade entre diversos equipamentos: educación, cultura, deporte, sanidade, zonas verdes, etc. E os cortes entre os distintos niveles administrativos dun mesmo equipamento. Isto dificulta a creación de equipamentos integrados que poden supoñer unha alternativa funcional e urbanística importante.

En xeral a partir dos anos 80 dáse un aumento da intervención pública de servizos. Isto trae consigo unha distribución máis homoxénea das dotacións debido á existencia dun ámbito espacial delimitado para gran parte dos equipamentos públicos como a sanidade e a educación. Pero ó mesmo tempo aparecen máis evidentes as contradicións xeradas pola xestión urbanística, solos pouco apropiados, solares de tamaño inadecuado, lonxe dos núcleos de poboación, deficiente accesibilidade, etc.

Isto deu lugar unha diversificación das políticas de consumo colectivo nos anos 90, cando aínda as comunidades non estaban consolidadas no seu conxunto como para permitir análises definitivos.

Pero se algo tiñan en común a maioría destas comunidades é a escaseza de equipamentos públicos en xeral. Un dato indicativo é o número de camas hospitalarias por cada 1.000 habitantes que naquel momento era de 5,7 fronte ás 10 de Francia ou ás 11




Figura 15. Sistema de Universidades e Campus sobre o índice de desigualdade. Reques Velasco 2010

de Alemaña. Tamén é importante salientar a masificación da Universidade e a carencia de equipamentos culturais, no 1980 as bibliotecas son escasas e non se alcanza a haber 1 libro por habitante. (Leal Maldonado 1988)

Polo tanto constátase que o estado de benestar “Welfare State” chega tarde a España en relación ó resto de países europeos. A finais dos anos oitenta é cando se pon en marcha a maquinaria de fabricación de equipamentos para a equiparación de estándares en todo o territorio español.⁵

O debate da reforma do Estado de Benestar está de plena actualidade, neste momento estase debatendo a súa sustentabilidade financeira e a globalización.

Non é obxecto desta tese a análise en detalle deste tema pero si se considera de utilidade unha breve descrición do que esta realidade supón para a planificación e materialización dos equipamentos públicos.

Nesta tese poremos especial atención en dous sistemas principais, o sistema de saúde e o da educación superior, xa que se considera que en materia de Hospitais e Universidades producíronse uns cambios fundamentais para o desenvolvemento da calidade de vida do país. Considérase que analizando estes dous grandes equipamentos que teñen unha incidencia moi relevante a escala supramunicipal, se pode ter unha visión de conxunto.




Figura 15. Clasificación de parroquias segundo gradiente rural-urbano. Dalda 2005

3.3 Galicia. Transferencias ás comunidades autónomas.

Galicia é unha das tres Comunidades históricas que existen en España (constituída por 17 CCAA). Consta de 4 provincias e 315 concellos, outras dúas divisións territoriais son a Parroquia (que á súa vez se subdivide en varios lugares) e a Comarca (acolle a varios municipios con características comúns).

Á Comunidade Autónoma correspóndelle o deseño de liñas maestras de organización do territorio mentres que ó concello compéttelle planificar as actividades levadas a cabo polos axentes públicos e privados.

Para entender a situación legislativa actual en Galicia faise necesario un percorrido polas distintas leis que influíron na configuración do territorio ata hoxe.

Lexislación territorial e urbanística previa á Autonomía.

As Leis de Ensanche do S XIX son as primeiras normas reguladoras que se utilizan para acometer accións de expropiación forzosa e que posibilitan os proxectos de ensanche das principais cidades.

No século XX aprobouse o Estatuto de Calvo Sotelo que pon en marcha a elaboración de Ordenanzas Municipales, o que dá potestade ós concellos para fixar aliñacións, alturas, ancho das rúas e outros aspectos de ocupación urbana.

Ante a necesidade de mecanismos reguladores do espazo urbano aparece no 1945 a Lei de Ordenación de Solares, que é o precedente da Lei do Solo de 1956.




Figura 16. Índice do nivel de instrución 1996. Dalda 2005. A relación entre o índice de instrución e os patróns de urbanización son claros en Galicia.

A Lei do Solo de 1956 aparece como instrumento para loitar contra a especulación urbanística. Tamén propón as primeiras figuras de planificación territorial creando un sistema de planificación en cascada: Plans Nacionais, Provinciais e Municipais ou Xerais.

A L.S. do 1975 mantén esta mesma estrutura xerárquica, o cambio que introduce é que os Plans Provinciais pasan a denominarse Plans Territoriais de Coordinación.

Os Plans Nacionais e os Territoriais son as figuras territoriais

Os Plans Xerais son as figuras urbanísticas fundamentais xunto coas Normas Subsidiarias de Planeamento (N.S.P.) e os Proxectos de Delimitación de Suelo Urbano (P.D.S.U.). Con estes instrumentos o que se pretendía era establecer e regular os diferentes aproveitamentos que lle corresponden a cada parcela de solo.

Ademáis tamén se estableceu un sistema de sancións para evitar as infraccións facendo posible a obtención de suelo urbano co obxectivo de abaratar o coste e evitar a especulación.

A LASGA como normativa pioneira no ámbito rexional de Galicia.

A Lei de Adaptación da do Solo a Galicia é a primeira lei do solo galega, busca adaptar e desenvolver aqueles puntos que, a causa da xeneralidade da norma estatal presentan unha difícil aplicación a un territorio galego con particularidades moi diferentes co resto do nacional. Debido a isto vai a ter unha maior importancia no medio rural ca no urbano.

Non introduce ningunha figura territorial nova, pretende frear a tendencia á desmembración do sistema tradicional de asentamentos mediante o aumento de construcións rurais fora dos núcleos xa existentes.

No que se refire a figuras urbanísticas baséanse en introducir novos mecanismos de xestión para simplificar a execución e posta en marcha de planeamentos en concellos moi pequenos e rurales.

Introdúcese a obrigatoriedade dun estudio detallado do medio rural, pretendendo consolidar a estrutura de poboamento existente e freando a aparición de vivendas en diseminado.

Aínda así a súa aplicación foi incapaz de frear o deterioro urbanístico do rural galego. Supoñendo isto tamén un incremento do gasto público na dotación de infraestruturas e servizos a esas vivendas en diseminado.

As distintas lexislacións que regulan o tema dos equipamentos asignan competencias específicas neste ámbito a cada unha das administracións: estatal, autonómica e local.

A lei 8/2007, de 28 de maio, de suelo establece simplemente uns principios básicos á hora da planificación dos equipamentos, Aínda que o estado transferiu gran parte das súas competencias en materia de equipamentos ás distintas autonomías e



Figura 17 Relación entre as distintas figuras de planificación establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

ós concellos, sigue mantendo unha función fundamental de control da calidade dos servizos públicos a través das Axencias Estatais de avaliación da calidade dos servizos, reguladas pola Lei 28/2006, de 18 de xullo, de Agencias estatales para la mejora de los servizos públicos.⁶

No ámbito autonómico galego, a Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, baséase na Carta Europea De Ordenación do Territorio de 1983 cuxos obxectivos son a coordinación administrativa e unha mellor distribución espacial das actividades humanas co fin de aproveitar de forma óptima as potencialidades propias de cada zona, mellorar a calidade de vida dos cidadáns e o nivel de conservación do medio natural. Esta lei establece as bases e a xerarquización da ordenación do territorio a través de distintos instrumentos de planificación:

- As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) que pretende ser o reflexo espacial das políticas Autonómicas xerais, económicas e culturais, marcando tamén as tendencias de investimento por parte das Administracións.
- Os Plans Territoriais Integrados (PTI). Teñen a mesma finalidade e contidos que as DOT pero referidos a áreas subrexionais de características similares.
- Os Programas Coordinados de Actuación (PCA) elaboran un programa plurianual das actuacións e propostas das diferentes administracións o organismos públicos para unha determinada comarca (semellantes ós Plans de Desenvolvemento Comarcal), para conseguir una mellor coordinación inter administrativa na xestión dos recursos.
- Os Plans e Proxectos Sectoriais regulan a implantación territorial das infraestruturas, dotacións ou instalacións públicas de ámbito superior ó municipal no que se encontren. Deben ser elaborados pola administración Autónoma.
- Os Plans de Ordenación do Medio Físico (POMF), elabóranse para preservar e potenciar áreas de valor natural e ambiental que deben estar especificadas nas DOT.

Como referencia á ordenación territorial dos equipamentos a recente presentación das DOT de Galicia⁷, establece como un dos obxectivos específicos “ establecer os ámbitos metropolitanos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos”.⁸

Establécense determinacións excluíntes que contemplan temas relacionados coa súa localización e xerarquización nas diferentes áreas de centralidade urbana propostas e onde se fai referencia específica á importancia da súa localización próximas ao transporte público e en áreas centrais dos núcleos de poboación. Todas estas determinacións están supeditadas á elaboración de plans e programas sectoriais para a ordenación de cada tipo de equipamento. Aínda que ofrecen unhas determinacións





Figura 18 Organización dos sistemas de equipamento segundo xerarquía e funcións. Elaboración propia.

orientativas moi ben intencionadas, o feito é que ata que non se unifiquen os criterios de distribución territorial de cada tipo de equipamento tanto sanitario, coma educativo, asistenciais, cultural, etc. será moi complicado chegar a un modelo de distribución equilibrada do equipamento. As infraestruturas de transporte público xogan un papel crucial no propósito de conseguir unha accesibilidade ó equipamento, xa que o custe económico e de tempo que teñen que investir algúns habitantes para acceder a determinados servizos é moi alto. Tamén nas DOT se establece a presenza dos nodos de equilibrio territorial que serán núcleos que funcionarán como referentes a escala territorial e que albergarán diversas dotacións e infraestruturas.

A distribución dos equipamentos está regulada e reglamentada en diversas leis do solo tanto a lei do solo estatal 8/2007⁹ como a LOUGA 9/2002 modificada 15/2004¹⁰ establecen uns criterios de distribución de equipamentos e fan sempre referencia ás súas condicións de accesibilidade e como elementos determinantes para a calidade de vida e a cohesión social de calquera poboación.

A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia (LOUGA), no art. 47¹¹ establece os parámetros e os instrumentos cos que se ordenarán os distintos equipamentos, distinguindo entre o sistema xeral e o sistema local de equipamentos e espazos libres.

O Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o reglamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da lei sobre réximen do solo e ordenación urbana (vixente en tanto non se desenvolvan as determinacións da LOUGA) no seu art.25 e no seu anexo se fai referencia ás cesións dos equipamentos en función do tamaño do desenvolvemento previsto e do uso deste: residencial, industrial e terciario.

No ámbito da administración local, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local define no artigo 25 unha serie de servizos que os concellos teñen obrigatoriamente que prestar ós seus cidadáns:


| ESTRATOS DE POBOACIÓN | SERVIZOS OBLIGATORIOS |
|---------------------------|--|
| TÓDOLOS CONCELLOS | Recollida selectiva de residuos Abastecemento de auga potable Rede de saneamento Alumeado público Limpeza viaria Acceso ós núcleos de poboación Pavimentación e conservación das vías públicas Control de alimentos e bebidas Servizo de Biblioteca (+1000hab) |
| Máis de 5.000 habitantes | Parque público Biblioteca pública Mercado Tratamento de residuos |
| Máis de 20.000 habitantes | Protección Civil Prestación de servizos sociais Biblioteca pública Prevención e e extinción de incendios Instalacións deportivas de uso público. |
| Máis de 50.000 habitantes | Transporte colectivo urbano de viaxeiros Protección do medio ambiente. |

O feito de que a distribución da poboación en concellos sexa moi dispar en Galicia, leva implícito unha serie de desigualdades no acceso ós equipamentos. O asociacionismo entre concellos coa conformación de áreas supramunicipais é un feito imprescindible para poder dotar á poboación de servizos e equipamentos necesarios. As comunidades como entes locais integrados reguladas pola lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, funcionan á hora da prestación de diversos servizos e

SISTEMAS XERAIS


ESTÁNDARES MÍNIMOS

ESPAZOS LIBRES E
ZONAS DE USO E
DOMINIO PÚBLICO



15 m2 por cada/
100m2 edificables

EQUIPAMENTO
COMUNITARIO DE
TITULARIDADE PÚBLICA



5 m2 por cada/
100m2 edificables


*** Deben ter espazo suficiente e un
emprazamento adecuado á súa
función estruturante**

*Figura 19 Reservas de solo para equipamentos
e espazos libres segundo a LOUGA. Elaboración
propia.*

RESERVAS DE SOLO


SISTEMA DE
ESPAZOS LIBRES
E ZONAS
VERDES

USO
RESIDENCIAL E
HOTELEIRO



18 m2 por cada/
100m2 edificables
>10% do ámbito


USO TERCIARIO
OU INDUSTRIAL



>10% do ámbito


EQUIPAMENTOS
PÚBLICOS
- sanitarios
- asistenciais
- educativos
- culturais
- deportivos
- outros

USO
RESIDENCIAL e
HOTELERO



10 m2 por cada/
100m2 edificables

USO TERCIARIO
OU INDUSTRIAL



>2% do ámbito

fan posible unha mellor xestión dos equipamentos. Non obstante, a experiencia inicial destas últimas non deu froito máis que para a prestación de servizos puntuais como a recollida do lixo.

Como as categorías e as escalas dos equipamentos públicos van adquirindo máis e máis complexidade a medida que avanza o estado de benestar faise complicado abordar o tema na súa totalidade. Os camiños a tomar para desenvolver unha investigación sobre os equipamentos públicos é moi ampla e esta tese centrarase na capacidade dos equipamentos sanitarios (hospitais) e as Universidades de funcionar como elementos de cohesión urbana e territorial, a través da análise da evolución destes equipamentos.

(Endnotes)

1 Clasificación das unidades territoriais estatísticas

A A nomenclatura NUTS subdivide o territorio económico dos Estados membros e inclúe tamén o seu territorio extrarregional. Este último consiste nas partes do territorio económico que non poden integrarse nunha rexión determinada, é dicir, o espazo aéreo, as augas territoriais e a plataforma continental, os enclaves territoriais (embaixadas, consulados e bases militares) e os depósitos de recursos económicos situados en augas internacionais e explotados por unidades de residentes no territorio.

Para que as estatísticas rexionais sexan comparables, as zonas xeográficas deben ter unha poboación comparable. É conveniente precisar tamén a súa situación política, administrativa e institucional. Se é o caso, as unidades non administrativas deben responder a unha lóxica económica, social, histórica, cultural, xeográfica ou ecolóxica.

Unidades administrativas dos Estados membros

O Regulamento clasifica as distintas unidades administrativas dos Estados membros da UE antes da ampliación do 1 de maio de 2004 (UE dos 15) segundo o seu nivel na nomenclatura:

*NUTS 1: «Gewesten/Régions» en Bélxica; «Lands» en Alemaña; «Continente», «Regiao dous Açores» e «Regiao da Madeira» en Portugal; «Scotland, Wales, Northern Ireland» e «Government Office Regions of England» no Reino Unido.
NUTS 2: «Provincies/Provinces» en Bélxica; «Regierungsbezirke» en Alemaña; «Periferíes» en Grecia; Comunidades e cidades autónomas en España; «Régions» en Francia; «Regions» en Irlanda; «Regioni» en Italia;*

*«Provincies» no Países Baixos; «Lands» en Austria.
NUTS 3: «arrondissements» en Bélxica; «Amtskommuner» en Dinamarca; «Kreise/kreisfreie Städte» en Alemaña; «nomoi» en Grecia; «provincias» en España; «départements» en Francia; «regional authority regions» en Irlanda; «provincie» en Italia; «län» en Suecia; «maakunnat/landskapen» en Finlandia.*

2 «CARTA DE LEIPZIG SOBRE CIDADES EUROPEAS SOSTIBLES», aprobada en na reunión ministerial informal sobre desenvolvemento urbano e cohesión territorial celebrada en Leipzig los días 24 e 25 de maio de 2007.

3 <http://www.eu2011.hu/files/bveu/documents/TA2020.pdf>

4 http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/studies/pdf/challenges2020/2011_territorial_dimension_eu2020.pdf

5 Na década dos 80 a maioría de países do noso entorno falaba xa de *crisis do Estado de Benestar*, o noso encontrábase en plena expansión coa universalización dos principais pilares (Sanidade, Educación e Pensións).

6 Establece os principios de gobernanza da Unión Europea: *responsabilidade, eficiencia e participación.*

7 Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia

8 DOT. Páx. 6

9 LEY DEL SUELO 8/2007

Primero, el de la ciudadanía en general en relación con el suelo y la vivienda, que incluye derechos y deberes de orden socioeconómico y medioambiental de toda persona con independencia de cuáles sean su actividad o su patrimonio, es decir, en el entendimiento de la ciudadanía como un estatuto de la persona que asegure su disfrute en libertad del medio en el que vive, su participación en la organización de dicho medio y su acceso igualitario a las dotaciones, servicios

y espacios colectivos que demandan la calidad y cohesión del mismo. Artículo 4. Derechos del ciudadano

b) Acceder, en condiciones no discriminatorias y de accesibilidad universal, a la utilización de las dotaciones públicas y los equipamientos colectivos abiertos al uso público, de acuerdo con la legislación reguladora de la actividad de que se trate.

Artículo 16. Deberes de la promoción de las actuaciones de transformación urbanística.

1. Las actuaciones de transformación urbanística comportan, según su naturaleza y alcance, los siguientes deberes legales:

a) Entregar a la Administración competente el suelo reservado para viales, espacios libres, zonas verdes y restantes dotaciones públicas incluidas en la propia actuación o adscritas a ella para su obtención. En las actuaciones de dotación, la entrega del suelo podrá ser sustituida por otras formas de cumplimiento del deber.

(art. 25 R.P.) Real Decreto 2159/1978 .

REGLAMENTO DE PLANEAMIENTO.

Los elementos fundamentales de la estructura general y orgánica de la ordenación del territorio:

Se establecerán en el Plan General

Tendrán en cuenta el modelo de desarrollo urbano adoptado

- Definirán: Asignación e intensidad de los usos globales

1.- Sistema general de comunicaciones:

Redes viarias y ferroviarias, sus áreas de acceso e instalaciones vinculadas:

- estaciones de ferrocarril
- estaciones de autobuses
- Puertos
- Aeropuertos
- Instalaciones análogas

Sistema xeral de espacios libres:

-Parques urbanos públicos

-Áreas públicas destinadas a uso recreativo

Sistema xeral de equipamiento comunitario:

- Administrativos
- Comerciais
- Culturais
- Docentes
- Sanitarios
- Asistenciais
- Religiosos
- Cemiterios
- Outros que se consideren necesarios para o mellor desenvolvemento dos intereses comunitarios.

2.- Sistema general de espacios libres:

- Parques urbanos públicos
- Áreas públicas destinadas al uso cultural o recreativo

3.- Sistema general de equipamiento comunitario al servicio de toda la población:

- Administrativos
- Comerciales
- Culturales y docentes
- Sanitarios
- Asistenciales
- Religiosos
- Cementerios
- Otros que se consideren necesarios para el mejor desarrollo de los intereses comunitarios

4.-Instalaciones y obras cuya implantación pueda influir de forma

sustancial en el desarrollo del territorio:

- Centros productores de energía
- Embalses
- Líneas de conducción y distribución
- Análogos

10

Segundo a LOUGA 9/2002 modificada

15/2004

SISTEMAS XERAIS.

Art 47. Calidade de vida e cohesión social

Os equipamentos

- Defínense no plan xeral municipal
- A súa función límitase ó servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego.
- Cada sistema debe ter as dimensións e características suficientes para satisfacer adecuadamente as necesidades sociais actuais e potenciais de modo que non se localicen en zonas marxinais ou residuais.
- Elementos determinantes:
 - Capacidade máxima residencial derivada do plan.
 - Proporción adecuada ás necesidades de la poboación.
 - Parámetro cuantitativo: 100 m² de superficie edificable de uso residencial.

SISTEMAS LOCAIS.

Art 47. Calidade de vida e cohesión social

Defínense con independencia dos sistemas xerais.

Defínense no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable.

Establécense no plan de ordenación detallada:

- Plan Xeral*
- Plan de Sectorización*
- Plan Parcial*
- Plan Especial de Reforma Interior*

- Marco de referencia: Parámetro cuantitativo 100 m² de superficie edificable dos distintos usos.

COMPOÑENTES DA ESTRUCTURA

URBANA

(art. 53.1. e) LOUGA

Son espazos de responsabilidade pública ou colectiva da cidade

definen a “estrutura xeral e orgánica do territorio”.

Os sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano:

- *Comunicacións e as zonas de protección.*
- *Espazos libres e zonas verdes públicas.*
- *Equipamento comunitario público.*
- *Servizos urbanos.*

11 1. O plan xeral deberá prever as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ou conxunto de dotacións urbanísticas ó servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego, en proporción adecuada ás necesidades da poboación, e tendo en conta a capacidade máxima residencial derivada do plan e, como mínimo, os seguintes:

- a) *Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso públicos, en proporción non inferior a 15 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.*
- b) *Sistema xeral de equipamento comunitario de titularidade pública, en proporción non inferior a 5 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.*

BIBLIOGRAFÍA

Aldrey Vázquez, J.A. & Lois González, R.C. 2006, *A poboación galega: 1900-2005: cambio demográfico e implicacións territoriais*, Ir Indo, Vigo.

BOE 1986, *Ley 14/1986 de 25 de abril, General de Sanidad*.

Comisión Europea 2008, *“Libro Verde sobre la cohesión territorial. Convertir la diversidad territorial en un punto fuerte.”*, .

Comisión Europea 1999, *ETE. Estrategia Territorial Europea. Hacia un desarrollo equilibrado y sostenible de la UE*, Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas, Luxemburgo.

Dalda Escudero, J.L. 2006, *Cidade difusa en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Estados miembros de la Unión Europea 2007, *Tratado de Lisboa por el que se modifican el Tratado de la Unión Europea y el Tratado constitutivo de la Comunidad Europea*.

Gobierno de España 2003, *Ley 16/2003, de 28 de mayo, de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud*, Madrid.

Hernández Aja, A., Leiva Rodríguez, A., Universidad Politécnica de Madrid & Instituto Juan de Herrera 2006, *Parámetros dotacionales para la ciudad de los ciudadanos*, Instituto Juan de Herrera, Madrid.

Leal Maldonado, J. 1988, *Los espacios colectivos en la ciudad: planificación de usos y servicios públicos*. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo, Madrid.

Pais Rodríguez, R. 1998, *“La Ley 1/1997, de 24 de marzo, del suelo de Galicia”*, BFD: Boletín de la Facultad de Derecho de la UNED, , no. 13, pp. 249-266.

Reques Velasco, P. 2009, *Universidad, sociedad y territorio*, 1ª edn, Universidad de Cantabria, Santander.

Segura Sanz, R. 1988, *El territorio del consumo colectivo. Problemas y tendencias territoriales en la vivienda y en los equipamientos*, Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo, Madrid.

Xunta de Galicia 2002, *Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia*.

Xunta de Galicia 1997, *Ley 1/1997, de 24 de marzo, del Suelo de Galicia*.

Xunta de Galicia 1995, *Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia*.

Xunta de Galicia 1989, *Lei 11/1989, de 20 de xullo, de ordenación do Sistema Universitario de Galicia*.


Xunta de Galicia 1985, *Ley 11/1985, de 22 de agosto, de Adaptación de la del Suelo a Galicia*.

Xunta de Galicia a, *Ley 1/1989, del 2 de enero, del Servicio Gallego de Salud*.

Xunta de Galicia b, *ley 7/2003 do 9 de decembro de ordenación sanitaria de Galicia*.

Xunta de Galicia c, *Ley 8/2008, de 10 de julio, de salud de Galicia*.

POBOACIÓN




Ámbitos seleccionados para o estudo da poboación.


Seleccionáanse os concellos onde se sitúan as cidades e as coroas máis próximas ós entornos urbanos que conforman o que se pode entender como rexións urbanas no caso da Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra e áreas metropolitanas no caso de Santiago, Lugo e Ourense.































Considérase que os concellos seleccionados son onde se concentra a maior parte da poboación xuvenil. Son tamén concellos que presentan dinámicas demográficas moi variadas onde poden atoparse case todos os casos que existen en Galicia. Algúns concellos pese a estar moi próximos a concellos urbanos non acusan as dinámicas que serían previsibles.


En xeral o que se pode concluir é unha importantísima perda de poboación xove e importante avellentamento da poboación, isto é unha xeneralidade e polo tanto algo impreciso. A lectura das pirámides de poboación onde se seleccionan as idades entre 20-30 anos e a súa evolución dende o 1996 e 2010 recolle a mellor explicación do que está a ocorrer coas dinámicas de poboación en Galicia. Para profundizar sobre o tema unha análise de referencia foi (Aldrey, 2006).




Pirâmides de poboación
Rexión Urbana A Coruña-Ferrol
Datos extraídos do INE , elaboración propia















*Pirámides de poboación
Área urbana de Santiago
Datos extraídos do INE , elaboración propia*









*Pirâmides de poboación
Area Urbana de Lugo
Datos extraídos do INE , elaboración propia*









*Pirámides de poboación
Área Urbana de Ourense
Datos extraídos do INE , elaboración propia*










Pirámides de poboación
Rexión Urbana Vigo-Pontevedra
Datos extraídos do INE , elaboración propia















Poboación xove entre 15 e 25 anos no ano 1991
 Datos extraídos do INE




Poboación xove entre 15 e 25 anos no ano 1996
 Datos extraídos do INE





Poboación xove entre 15 e 25 anos no ano 2001
Datos extraídos do INE



Poboación xove entre 15 e 25 anos no ano 2006
Datos extraídos do INE

